

“Hai quen ven a Romaría a facer o día”

Teñan moito coidado coas pertenzas, saben que hai que aproveita as aglomeracións para levar beneficio. Por iso recomendamos:

- Levar os bolsos e carteiras e ben vixiados. As mochilas ben pechadas e sen cousas de valor.
- Os carteristas son moi avispados, non se confíen.
- Teñan moito tino cos móbiles, tablets e cámaras de fotos.
- As xoias e adornos de valor non os expoñan á vista.
- Coidado co botellín e tamén co botellón. Para pasalo ben non é necesario abusar.

Oración Á Virxe da Fonte da Franqueira

Benaventurada Nai de Deus, venerada coa secular advocación de Nosa Señora da Fonte de A Franqueira: queremos manifestarche con toda confianza os desexos do noso corazón. A Ti acudimos, Nai boa, sabendo que escoitas as oracións dos teus fillos.

A túa imaxe de pedra lémbra-nos a fortaleza da túa fe, a seguridade da túa esperanza, a constancia do teu amor. Ver a Xesús no teu colo, tráenos á memoria que a túa vida estivo ó seu servizo. Fai que a Palabra do Evanxeo resoe sempre no noso interior para que saibamos recoñecer o paso de Deus pola nosa vida.

¡Naiciña! Sentímonos necesitados e renovamos diante de ti a nosa confianza. Axúdanos sobre todo a descubrir o que nos pide Deus noso Pai. Queremos, coma ti, ser felices cumprindo a súa vontade, animados polo Espírito Santo que nos fai recoñecer a Xesús como Salvador de todos. A El a gloria por séculos de séculos. Amén.

Información:

986.69.79.68/ 609.47.25.91

www.afranqueira.org

info@afanqueira.org



Peregrinar ao Santuario da Franqueira

**Consellos
para os peregrinos e romeiros**

“Antes de peregrinar convense preparar”

Levamos unha vida bastante sedentaria, e, aínda que camiñes a miúdo, facer unha longa peregrinación necesita que esteas ben preparado. Por isto recomendamos:

- Facer paseos longos nas semanas previas
- Comprobar o estado da nosa saúde: tensión arterial, azucre, corazón, etc
- Preparar a ruta de peregrinación e coñecer o camiño para non improvisar.

“A boa peregrinación. nace no corazón”

- Facer o camiño á Franqueira pode ter moitas motivacións pero convén afondar no noso interior para descubriremos que a fe “move montañas”, e a fe fai “subir estas montañas”.
- Para preparar espiritualmente a peregrinación o Santuario publica materiais axeitados.

“Paseniño, paseniño imos facer o camiño”

Non esquezas para camiñar as seguintes recomendacións:

- Calzado cómodo, calcetíns sen costura, chaleco reflectante, gorra, bastón, mochila pequena
- Documentación: DNI, Tarxeta Sanitaria
- A medicación que teñas que tomar
- Botella para coller auga polo camiño, lanterna se ves de noite, algunha comida reconstituínte
- Non esquezas: bo ánimo, alegría, bos amigos e un corazón grande

“Se te queres duchar convén antes avisar”

- No Santuario contamos con un servizo de duchas e vestiarios. Os grupos organizados que veñen en peregrinación convén avisar para ter todo disposto.
- No futuro, coa axuda de todos, queremos chegar a ter un albergue para os peregrinos, e así, poidan descansar un pouquiño ao rematar o camiño

“Os días de Romaría son días de grande alegría”

Suxerimos algunhas recomendacións para participar nas Romarías:

- Ao entrar no Santuario fai silencio exterior e interior. Desconecta o móbil ou pono en silencio.
- Lembra os motivos polos que estás ante a Virxe e fai a túa oración.
- Ten paciencia para acceder se hai moita xente. Non te coles. Segue as indicacións dos voluntarios.
- Conforme á tradición pasamos por debaixo da imaxe da Virxe como signo do desexo de que ela nos protexa e que nós a imitemos. Vale máis pasar unha vez con devoción que non un cento distraídos.
- Os que dan voltas ao templo o fagan dando grazas por chegar e sen carreiras de competición.
- Os xestos deben ir acompañados da nosa pregaría e sabendo por que os facemos.
- Tes ao teu servizo sacerdotes para o Sacramento da Reconciliación.
- Na Eucaristía procura estar e boa disposición.
- Revisa ben os horarios de celebracións que podes ver na porta da Igrexa ou descargalos de internet. Participa e vive este momento.